

**LITERATURA UNIVERSAL**

1. Explique os principais ciclos míticos da épica e do teatro gregos antigos, así como as obras máis relevantes de cada un deles. [3 puntos].
2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra de Shakespeare ou de Molière que leu, explicando o seus temas máis importantes, personaxes, tempos, espazos e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos].
3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia LITERARIA e transcendencia da obra que elixise como lectura do século XX. [3 puntos].
4. Case adecuadamente estes datos e redacte dez breves textos con eles [1 punto]:

AUTOR	PAÍS DE NACEMENTO	OBRA	XÉNERO, TEMA, ESPAZO, PERSONAXES
A. Manzoni	Francia	<i>Fausto</i>	Poema épico.
H. Melville	Alemania	<i>Madame Bovary</i>	A protagonista vive en Lowood.
F. Dostoievski	Francia	<i>Crime e castigo</i>	Pacto co demo.
W. Goethe	Gran Bretaña	<i>A cantante calva</i>	Un dos seus personaxes é Ahab.
G. Flaubert	Portugal	<i>Os noivos</i>	En Orán.
A. Camus	USA	<i>Ulises</i>	Un estudante, envolto na miseria, recorre a unha anciá prestamista e...
E. Ionesco	Italia	<i>A peste</i>	Busca no adulterio dun xeito de liberdade e felicidade.
L. de Camões	Rusia	<i>Jane Eyre</i>	Novela histórica protagonizada por Renzo e Lucía.
C. Brontë	Romanía	<i>Moby Dick</i>	O seu protagonista é Leopoldo Bloom.
J. Joyce	Irlanda	<i>Os Lusíadas</i>	Teatro do absurdo.

**LITERATURA UNIVERSAL**

1. Explique los principales ciclos míticos de la épica y del teatro griegos antiguos, así como las obras más relevantes de cada uno de ellos. [3 puntos].
2. Escriba aproximadamente un folio sobre la obra de Shakespeare o de Molière que haya leído, explicando sus temas más importantes, personajes, tiempos, espacios y estilo. Anote ejemplos concretos de los textos. [3 puntos].
3. Redacte su opinión personal y razonada sobre la importancia LITERARIA y la trascendencia de la obra que haya elegido como lectura del siglo XX. [3 puntos].
4. Case adecuadamente estos datos y redacte diez textos breves con ellos [1 punto]:

AUTOR	PAÍS DE NACIMIENTO	OBRA	GÉNERO, TEMA, ESPACIO, PERSONAJES
A. Manzoni	Francia	<i>Fausto</i>	Poema épico.
H. Melville	Alemania	<i>Madame Bovary</i>	La protagonista vive en Lowood.
F. Dostoievski	Francia	<i>Crimen y castigo</i>	Pacto con el demonio.
W. Goethe	Gran Bretaña	<i>La cantante calva</i>	Uno de sus personajes es Ahab.
G. Flaubert	Portugal	<i>Los novios</i>	En Orán.
A. Camus	USA	<i>Ulises</i>	Un estudiante, envuelto en la miseria, recurre a una anciana prestamista y...
E. Ionesco	Italia	<i>La peste</i>	Búsqueda en el adulterio de la libertad y la felicidad.
L. de Camões	Rusia	<i>Jane Eyre</i>	Novela histórica protagonizada por Renzo y Lucía.
C. Brontë	Rumanía	Moby Dick	Su protagonista es Leopoldo Bloom.
J. Joyce	Irlanda	<i>Los Lusíadas</i>	Teatro del absurdo.

**CRITERIOS AVALIACIÓN LITERATURA UNIVERSAL**

- 1. Explique os principais ciclos míticos da épica e do teatro gregos antigos, así como as obras máis relevantes de cada un deles. [3 puntos].**

Débense explicar o ciclo troiano (*Ilíada*, *Odisea*, *Orestíada*), o ciclo tebano (*Os sete contra Tebas*, de Esquilo; *Edipo Rey*, *Edipo en Colono* e *Antígona*, de Sófocles; *As Suplicantes* e *As Fenicias*, de Eurípides) e o ciclo dos Argonautas: *Teogonía* de Hesíodo, *Medea* de Eurípides, *Argonáuticas* de Apolonio de Rodas. Pódese tamén facer alusión ao ciclo de Teseo e o Minotauro.

- 2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra de Shakespeare ou de Molière que leu, explicando o seus temas máis importantes, personaxes, tempos, espazos e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos]**

Do título elixido explicarase a caracterización dos personaxes e implicación dos mesmos nos diferentes conflitos teatrais, o tempo interno e externo e o seu significado, os espazos nos que se desenrola a acción e os seus significados. No estilo debe salientarse a adscrición do texto a unha estética determinada e as características propias do autor con exemplos concretos do título elixido, así como a relevancia deste no seu contexto literario e na literatura universal.

É necesaria unha mínima contextualización da obra, citar correctamente o título, o autor, o século no que foi escrita e o xénero ao que pertence. Considérase un erro importante considerar novelas as comedias ou a traxedias de Molière ou Shakespeare. O resumo do argumento da obra ou aspectos biográficos dos autores non son avaliábeis.

- 3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia LITERARIA e transcendencia da obra que elixise como lectura do século XX. [3 puntos]**

A opinión persoal debe ser razoada e sustentarse en criterios ESTÉTICOS, non en impresións subxectivas ou valoracións extraliterarias. Non se trata de valorar se a obra elixida é boa ou mala ou se cumpre ou non as expectativas de quen a leu. Trátase de expresar, con argumentos **literarios**, a importancia desa obra no conxunto da literatura e na literatura da lingua á que pertence, así como de comentar en que medida beben dela outras obras doutros tempos, doutros países ou doutros xéneros.

- 4. Case correctamente estes datos e redacte dez textos breves con eles. [1 punto]**

É necesario casar os datos das catro columnas para redactar os dez textos que se solicitan. Cada un deles computará 0,1 puntos se os **catro** datos que o compoñen son correctos.

EN TODAS AS PREGUNTAS É NECESARIO DEMOSTRAR CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA E ORTOGRÁFICA. AS FALTAS DE ORTOGRAFÍA, DE ACENTUACIÓN, DE PUNTUACIÓN E DE EXPRESIÓN BAIXARÁN A NOTA FINAL DO EXAME.